




CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 25 DE OUTUBRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil trece, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 27 de setembro e 9 de outubro de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

Asiste o arquitecto técnico municipal do Concello D. Hermelindo Martínez González

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.


Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto



**CONCELLO
A GUARDA**
(PONTEVEDRA)



A D^a. MARÍA RITA ESPAÑOL PEDREIRA, R.E. N^o. 5.409 DE DATA 7 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3^o TRANSVERSAL DE A CRUZ N^o. 15 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA RECRECIDO DE MURO EN 0,50 MTS. COMPLETANDO UNHA ALTURA MÁXIMA DE 0,90 MTS. E NUNHA LONXITUDE DE 4,00 MTS. CON FRENTE Ó CAMIÑO E REALIZADO CON PEDRA DE MAMPOSTERÍA Ó EXISTENTE, SITO NA RÚA DE 3^o TRANSVERSAL DE A CRUZ N^o. 15, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, R.E. N^o. 5.441 DE DATA 8 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A LOMBA N^o. 19 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REPARAR A FACHADA CONSISTENTE EN PICADO DE AZULEXOS, LUCIDO CON MORTERO HIDRÓFUGO E PINTADO DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MENDEZ NUÑEZ N^o. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).


A D. MIGUEL ANGEL VILA LÓPEZ, R.E. N^o. 4.874 DE DATA 9 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA N^o. 50-2^o DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M². CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE PANEIS SÁNDWICH TAPAXUNTAS SOBRE RASTREIS DE MADEIRA; LIMPEZA, REPARACIÓN E PINTADO DE CAEIROS; LIMPEZA DE PETRIL PARA POSTERIOR PINTADO CON PINTURA DE GOMA; DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ N^o. 16, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JAVIER BAZ GONZÁLEZ, R.E. N^o. 4.970 DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE O PORTO N^o. 58 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR CAEIROS INTERIORES CON PINTURA DE CAUCHO E FIBRA DE VIDRO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE O PORTO N^o. 58, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JUAN BAZ ÁLVAREZ, R.E. N^o. 4.969 DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SAN CAETANO N^o. 7 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA EDIFICACIÓN NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M². CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO SOBRE ESTRUCTURA DE MADEIRA EXISTENTE E COLOCACIÓN DA MESMA TELLA DO PAIS, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 4 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**
(PONTEVEDRA)



A D. JESÚS CADILLA, R.E. Nº. 4.968 DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A RODA Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REALIZAR MURO DE LADRILLO A PANDERETE E LUCIDO CON MORTERO DE CEMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 12,00 M². DE PECHE DE FINCA CONTRA LINDEIRO, SITO NA RÚA DE A RODA Nº. 32, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO VICENTE RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 5.410 DE DATA 7 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE A GÁNDARA Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REALIZAR PECHE LATERAL DA PARCELA Nº. 141 DO POLÍGONO Nº. 13 NUNHA LONXITUDE DE 100,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. ÓPACO REALIZADO CON BLOQUES DE CEMENTO REVESTIDO E PINTADO E 0,90 MTS. CON REDE METÁLICA, SITA NO PARAXE DE "SEIXIÑOS", EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).


A D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ, R.E. Nº. 5.514 DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASIL Nº. 1-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA PECHE FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 21,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. ÓPACO REALIZADO CON MURO DE PEDRA PAIS DE PERPIAÑO E 0,90 MTS. DE REDE METÁLICA ATA COMPLETAR 1,80 MTS. E INSTALACIÓN DE PORTAL, SITO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., R.E. Nº. 5.000 DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRAVESIA DE VIGO Nº. 204 DE VIGO-36207, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA NUNHA LONXITUDE DE 57,00 MTS. PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN A EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA DE JOAQUIN ALONSO Nº. 10, EN SOLO URBANO.
OBRA: P.S. JOAQUIN ALONSO, 0010 (NºSGD: 248113010073).**

A D. SERGIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 5.556 DE DATA 14 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CASAL Nº. 13 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REFORMA DE LOCAL ADICADO A ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR DENOMINADO "SEIXIÑOS", CONSISTENTE EN ADAPTACIÓN DE ASEO PARA MINUSVÁLIDOS, RENOVACIÓN E ADECUACIÓN DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA PARA ADAPTALA O REBT., MELLORA DAS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE CONTRA O LUME CTE-DB-SI, ALUMEADO DE EMERXENCIA, MELLORA DAS CONDICIÓNS HIXIÉNICO SANITARIAS DA COCIÑA E OUTRAS ACTUACIÓNS, SITO NA RÚA DE



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)



REGUDINS Nº. 4, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- PRORROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 5.570 de data 14 de outubro de 2013, presentado por CONDUCTO CESIONIS, S.L.U., con enderezo na Avda. de Madrid, nº 46-baixo de Xinzo de Limia, Ourense, solicitando prórroga de obras para a licenza 59/2013.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licenza 59/2013 por dezaoito meses.

Lese o escrito RE 5.726 de data 22 de outubro de 2013, presentado por D. ABRAHAM VICENTE MARTINEZ, con enderezo na rúa de Cachiños, nº 20 da Guarda, solicitando prórroga de obras para a licenza 167/2010.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licenza 167/2010 por dezaoito meses.

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 12 pto

PUNTO 4.- PROXECTO DE EXECUCIÓN


Lese o escrito RE 5.653 de data 17 de outubro de 2013, presentado por D. RAMÓN VICENTE ROMERO, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Currás, nº 15 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución para piscina para unir ao expediente de licenza urbanística concedida no seu día co número 85/2013 para construccción de vivenda unifamiliar desenvolvida en (planta baixa e planta primeira) sita na rúa de Rosentes nº. 2, en solo non rbanizable de núcleo rural de "Rosentes" da parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 17 de outubro de 2013, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 5.793 de data 24 de outubro de 2013, presentado por M^a DEL CARMEN VIDEIRA CASTRO, con enderezo na rúa Oliva, nº 84 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución de rehabilitación



**CONCELLO
A GUARDA**
(PONTEVEDRA)



de vivenda unifamiliar sita na rúa Puerto Rico, nº 28 que conta con licenzia municipal de obras nº 110/2012 para Rehabilitación integral de vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 24 de xaneiro de 2013, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 5.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D^a. VIOLETA GONZÁLEZ ALVAREZ (RE 3.805 de 05/07/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de MASAXISTA, BROMATÓLOGO, DIETISTA E AUXILIARES DE ENFERMERÍA (EPIG. 839) situado na rúa da Guía, nº 1-1^oC.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. VIOLETA GONZÁLEZ ÁLVAREZ licenzia municipal nº 26/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de MASAXISTA, BROMATÓLOGO, DIETISTA E AUXILIARES DE ENFERMERÍA (Epíg. 839) situado na rúa da Guía, nº 1-1^oC da Guarda..

PUNTO 6.- ACORDOS


Visto que en Xunta de Goberno Local de data nove de outubro de 2013 aprobouse o proxecto "Pavimentación da rúa Proba, Marouco e Netos" con cargo ao Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013 - 2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007 - 2013, e

CONSIDERANDO que dende a Consellería de Medio Rural e do Mar se advertiu a este Concello de que a rúa Netos non reunía as características esixidas na convocatoria

A Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)



1.- Modificar o proxecto "Pavimentación da rúa Proba, Marouco e Netos", pasando a denominarse "Pavimentación da rúa da Proba e Marouco" de tal xeito que o acordo quedaría como sigue:

Vista a Resolución do 13 de setembro de 2013 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013 - 2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007 - 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto "Pavimentación da rúa Proba e Marouco"

2.- Remitirlle este acordo á Consellería de Medio Rural e do Mar.

Lese o escrito RE 5.036 de data 18 de setembro de 2013, presentado por ARCO BAIXO MIÑO, con enderezo social na rúa da Cal, nº 14 - Bloque 4º-3ª da Guarda, solicitando autorización e colaboración para levar a cabo o un acto para potenciar a artesanía e a economía da zona os días 9 e 10 de novembro na Alameda da Guarda

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar ditos eventos recordándolles que para o tema da cartelería deberán poñerse en contacto cos responsables municipais; respecto da megafonía non se pode colaborar porque non se dispón dela. Asimesmo prohíbese a entrada de vehículos de carga e descarga e recórdase que deben deixar o recinto da Alameda en perfectas condicións.


Lese o escrito RE 5.720 de data 22 de outubro de 2013, presentada por DNA. DELIA BRANDÓN DOMINGUEZ, en representación de MERCADO DO RELÓ, con enderezo na rúa Puerto Rico, nº 44-2º da Guarda, solicitando permiso e colaboración do Concello para a celebración de Tempo de Samain do día 31 de outubro de 2013 do seguinte xeito:

- Vallado da zona de carga e descarga fronte a Praza de Abastos.
- Peche da rúa Concepción Arenal de 21 a 23:30 horas para facer un magosto.
- Vallado dunha zona de estacionamento de zona azul na praza Nova a partir das 17:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o vallado na zona de carga e descarga de Concepción Arenal e na zona azul de Joaquin Alonso. Asimesmo acorda denegar a solicitude de peche da rúa Concepción Arenal.



**CONCELLO
A GUARDA**
(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 5.633 de data 17 de outubro de 2013, presentado por D. ELOY FRANCO FRANCO, con enderezo na Estrada do Castro, nº 13 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva e que se lle emitan outros para o segundo e terceiro trimestre do 2013 por unha media ponderada..

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 2º e 3º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello de data 10 de outubro de 2013 relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas concedidas a partir de 5 de febreiro
A.D.R.	40 h/mensuais

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello de data 10 de outubro de 2013 relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :


Nome	Horas concedidas a partir de 5 de febreiro
M.V.R.	30 h/mensuais

Lese o escrito RE 5.469 de data 9 de outubro de 2013, presentado por COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE SALCIDOS, con enderezo social na Subida o Torroso, s/n da Guarda, e solicitando o traslado da ITV para outro lugar co fin de evitar os problemas que está a provocar no entorno da igrexa parroquial de Salcidos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se están facendo as xestións oportunas para trasladalo.



**CONCELLO
A GUARDA**
(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 5.706 de data 21 de outubro de 2013, presentado por ASOCIACIÓN DE CELIACOS DE GALICIA, con enderezo social na rúa Carlos Maside, nº 7 de Santiago de Compostela, solicitando a colaboración deste concello para a campaña "Os Reis Magos cos celíacos".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que os caramelos que se distribúen nas cabalgatas de Reis deste Concello son aptos para celíacos.

Lese o escrito RE 5.698 de data 21 de outubro de 2013, presentado por JOSE ANTONIO ALONSO CASTRO, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 4 da Guarda, solicitando que dende o Concello se lle dea unha solución aos problemas que está a atopar co seu dereito de vado.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local para que informe sobre o asunto.

Dase conta do informe da Técnico de Información Xuvenil da Guarda relativo ó conxunto de actividades que por ese departamento se van a desenvolver e das cuotas que corresponden a cada cual:

Aerobic: 18 €/mes
Pilates: 28 €/mes
Pintura: 25 €/mes

As actividades terán unha duración prevista de 8 meses, dende outubro a maio de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito programa de actividades así como as cuotas correspondentes a cada unha.

Vista a Orde de 4 de outubro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración cos entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA aprobar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a súa contratación.

Sendo as trece horas e vinte minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.